

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 26/03/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

SECRETARIA

DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

D. JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/03/2026, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de febreiro de 2026.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2026.

3. Aprobación, se procede, da proposta de adhesión ao novo convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso.

4. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito Nº 02/REC/2026/PLENO por importe de 7.510,77€.

5. Proposta de ampliación do prazo de cesión da Casa Escola de Zamar a favor de Lar Pro Saúde Mental

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, pola creación dun programa municipal de natación adaptada destinado a crianzas con NEE e Diversidade Funcional.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, de condena da agresión militar contra Irán e en defensa da paz e o dereito internacional.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en defensa da paz e do dereito internacional.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a adxudicación das horas non prestadas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para mellora urxente da seguridade peonil no tramo da N-640 que conecta o centro urbano co iES Castro Alobre e o Centro de Saúde de San Roque.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

15. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

16. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais Dona Elsa Pérez Fernández e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 26 DE FEBREIRO DE 2026.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 26 de febreiro de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2026: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Estimación recurso de alzada
- 1 Renovación licenza condutor Taxi
- 1 Aprobación plan de seguridade e saúde obras
- 1 Autorización adscrición novo vehículo licenza taxi
- 1 Aprobación programa de traballo de obras
- 1 Resolución AGADIC primeiro semestre 2026
- 2 Transferencia de crédito
- 3 Incorporación de remanentes
- 4 Proxecto de gasto
- 1 Rectificación de saldos
- 7 Xeración de crédito
- 2 Aprobación facturas
- 11 Levantamento de reparo
- 6 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 2 Resolución sancionadora tráfico
- 8 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 7 Resolución recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 1 Rateo IVTM
- 17 Estimatoria taxas de prezos públicos
- 2 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Aboamento taxa publicación DOG
- 1 Baixa voluntaria Policía Local
- 1 corrección resolución
- 1 Delegación substitución Tesourería Municipal

1 Devolución ingreso indebido
2 Execución de sentença
3 Nomeamento operarios
2 Pagamento Plan de Pensións
1 Cambio posto auxiliar administrativo
1 Variación complementarias empregada municipal
1 Revocación resolución
7 Substitución posto categoría superior
1 Delegación substitución Interventor Municipal
1 Delegación substitución Secretaria Municipal
3 Personación en recurso contencioso administrativo
1 Licenza tenza animais potencialmente perigosos
1 Estimación IBI
2 Estimación pagos duplicados
4 Estimación liquidacións e baixas
42 Estimación/desestimación compensación de debedas
6 Estimación recibos
2 Estimación bonificación IBI
12 Estimación/desestimación IIVTNU
2 Amortización préstamos bancarios
2 Comisións bancarias
25 Orde de pago
23 Deber de conservación
1 Desestimación alegacións expediente urbanismo
1 Aprobación inicial Estudio de Detalle
9 Reposición da legalidade urbanística
1 Sancionador actividade
31 Comunicación previa obras menores
6 Ineficacia comunicación previa obras menores
1 Archivo licenza de obra menor
22 Licenza de obras menores
7 Licenza de obras maiores
3 Archivo licenza de obra maior
7 Comunicación previa apertura de establecementos

TOTAL: 317

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde alérase a Orde do Día da sesión do Pleno pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 6 (solicitude de participación cidadá) e a continuación o asunto que figura co número 7 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, pola creación dun programa municipal de natación adaptada

destinado a crianzas con NEE e Diversidade Funcional.

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- Dona Katarzyna Debowska Kasprzyk, en representación do colectivo de familias con crianzas con NEE e diversidade funcional do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, POLA CREACIÓN DUN PROGRAMA MUNICIPAL DE NATACIÓN ADAPTADA DESTINADO A CRIANZAS CON NEE E DIVERSIDADE FUNCIONAL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, presentada coa data de 17 de marzo de 2026, do seguinte teor:

MOCIÓN POLA CREACIÓN DUN PROGRAMA MUNICIPAL DE NATACIÓN ADAPTADA DESTINADO A CRIANZAS CON NEE E DIVERSIDADE FUNCIONAL

A natación é unha actividade altamente beneficiosa para nenos e nenas con necesidades especiais, tanto a nivel físico como sensorial, emocional e funcional. O medio acuático favorece a regulación sensorial, mellora o ton muscular, a coordinación motora, o equilibrio e a conciencia corporal, ademais de contribuír á redución da ansiedade e ao incremento do benestar xeral, é unha habilidade básica de seguridade.

No caso específico de menores con trastorno do espectro autista e outras condicións do neurodesenvolvemento, a contorna acuática constitúe un espazo especialmente adecuado para a aprendizaxe, a regulación emocional e o desenvolvemento de habilidades adaptativas.

Actualmente, a oferta de actividades acuáticas municipais non contempla de forma específica programas adaptados que respondan as necesidades deste colectivo, o que supón unha barreira

de acceso a un servizo público esencial. Son varias as familias do noso municipio que contan con menores con trastorno do espectro autista, discapacidade intelectual, discapacidade motora ou outras necesidades específicas que ven coma as súas e fillos lles é negado calquera tipo de participación nas diferentes actividades coas que conta a Piscina Municipal. Ademais, na actualidade tampouco existe ningún programa de natación adaptada que cumpra cos requisitos básicos para que as súas crianzas poidan acudir as mesmas.

A creación dun programa de natación adaptada na Piscina Municipal de Vilagarcía de Arousa responde a unha necesidade real existente no municipio e supón unha oportunidade para avanzar cara a un modelo de servizos públicos máis inclusivo, accesíbel e equitativo. Independentemente de que poidan existir asociacións que oferten programas de natación, non todas as familias poden permitirse os custes derivados de pertencer a este tipo de organizacións, ademais, calquera veciña ou veciño debe ter o mesmo dereito de poder acudir a actividades realizadas en calquera instalación Municipal. So iso fará que ditas actividades deportivas respondan á practica inclusiva e en igualdade. Así mesmo, permitirá que as familias poidan acceder a un servizo público adaptado dentro do seu propio municipio, evitando desprazamentos a outras localidades.

A ampliación en curso da Piscina Municipal de Vilagarcía de Arousa representa unha oportunidade estratéxica para incorporar desde o seu deseño e planificación, un programa municipal de natación adaptada, aliñado cos principios de inclusión, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades recollidos na normativa vixente. Ademais, permitiría optimizar os recursos existentes e garantir que as novas instalacións respondan ás necesidades de toda a cidadanía.

A análise de viabilidade demostra que a implantación do programa é técnica, operativa e economicamente viable, podendo desenvolverse de forma progresiva, comezando cun programa piloto e ampliándose en función da demanda.

Así mesmo, a implantación deste programa contribuirá a:

- Favorecer a inclusión real dos menores con diversidade funcional
- Garantir o acceso inclusivo e en igualdade aos servizos deportivos municipais.
- Mellorar a calidade de vida dos menores participantes e as súas familias.
- Promover a inclusión social e a participación comunitaria.
- Dar resposta a unha necesidade real existente no municipio, apoiando ás familias do municipio que se atopan nesta situación.
- Fortalecer o compromiso de Vilagarcía de Arousa coa accesibilidade e a inclusión.
- Posicionar a Vilagarcía de Arousa como un referente en boas prácticas e políticas municipais inclusivas.
- Por todo isto, é polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicitamos do pleno da corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Grupo de Goberno á creación dun Programa Municipal de Natación Adaptada destinado a crianzas empadroadas no municipio ou na súa área de influencia, con idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos, que presenten necesidades educativas especiais (NEE) ou diversidade funcional.
2. O programa desenvolverase nas instalacións da Piscina Municipal de Vilagarcía de Arousa, en horarios específicos que garantan unha contorna tranquila, estruturada e adecuada para as necesidades dos participantes.
3. Dito Programa contará coa dotación económica e de recursos humanos e materiais precisos para poñerse en marcha unha vez finalizada a ampliación da Piscina Municipal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, pola creación dun programa municipal de natación adaptada destinado a crianzas con NEE e Diversidade Funcional.

- Intervén Dona Katarzyna Debowska Kasprzyk para expoñer as demandas do colectivo de familias con crianzas con NEE e Diversidade Funcional do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o amoción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Que polo Grupo de Goberno se proceda á creación dun Programa Municipal de Natación Adaptada destinado a crianzas empadroadas no municipio ou na súa área de influencia, con idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos, que presenten necesidades educativas especiais (NEE) ou diversidade funcional.
2. O programa desenvolverase nas instalacións da Piscina Municipal de Vilagarcía de Arousa, en horarios específicos que garantan unha contorna tranquila, estruturada e adecuada para as necesidades dos participantes.
3. Dito Programa contará coa dotación económica e de recursos humanos e materiais precisos para poñerse en marcha unha vez finalizada a ampliación da Piscina Municipal.

- Ausentase da sesión a Sra. Abuín Rodríguez.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO NOVO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Porposta da Alcaldía, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE ADHESIÓN AO NOVO CONVENIO MARCO EN MATERIA DE RESIDUOS DE ENVASES DÓMESTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL E CARTÓN DUN SÓ USO

O pasado día 29 de xaneiro de 2026 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema colectivo de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel e cartón dun só uso, denominado Ecoembalajes de España, SA (Ecoembes), un novo convenio nesta materia, coa vontade de facilitarlles ás entidades locais que desexen adherirse un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte as competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos. O fin que se persegue é asegurar, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma e para o período 2026-2030, o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente o Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Este novo convenio introduce unha mellora significativa nas compensacións económicas respecto ao anterior, cun incremento medio nos pagos pola recollida de envases lixeiros de case un 17% e de papel e cartón en máis do 87%. Estas melloras económicas terán unha eficacia retroactiva a 1 de xaneiro de 2024, sempre que o Concello solicite a súa adhesión ao convenio marco no prazo de tres meses dende a súa sinatura (29 de xaneiro de 2026).

Consonte o previsto neste convenio marco, en caso de que as entidades locais adopten a decisión de adherirse voluntariamente, terán que observar o regulado na cláusula terceira e no anexo XXII do convenio, referidas tanto á documentación requirida como ao procedemento habilitado para formalizar a adhesión.

Hoxe en día, Ecoembes non organiza totalmente a xestión dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel e cartón dun só uso, polo que as modalidades organizativas para a xestión dos residuos deste tipo de envases serían:

- O SRAP organiza parcialmente e financia (modalidade B): Esta modalidade aplícase aos concellos que teñen planta propia de clasificación de envases, circunstancia que non se dá no noso Concello.
- O SRAP só financia (modalidade C): Nesta modalidade, as entidades locais encargaranse da organización total da xestión dos residuos tanto de envases lixeiros como de papel e cartón, e o SRAP (Ecoembes) asumirá unha mera obrigaón financeira respecto dos custos nos que incorre a entidade local.

O convenio terá un período de vixencia de catro anos, que poderá prorrogarse por períodos de dúas anualidades, ata un máximo de catros anos adicionais.

Na actualidade, o sistema de xestión vixente no Concello é que o SRAP (Ecoembes, a día de hoxe) financia, polo que a modalidade organizativa C (o SRAP só financia) do recente asinado convenio marco supón a continuidade da xestión que se vén realizando nos últimos anos.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel e cartón dun só uso na modalidade de xestión C, é dicir, que o SRAP só financia.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se

manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta de adhesión ao novo convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a adhesión ao novo convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 02/REC/2026/PLENO POR IMPORTE DE 7.510,77€.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Factura con xustificante de entrada 2025/9049 cun importe de 4.959,02 € de PLANIFICACIÓN DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. polos traballos realizados no Campo de Fútbol de Berdón, que tivo entrada no exercicio 2025 e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.
2. Relación de facturas F/2026/26 cun importe de 2.003,49 €: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2026 de contratos menores de servizos realizados pola SGAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores) nos exercicios 2024 e 2025, que tiveron entrada no mes de febreiro de 2026 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos dos exercicios 2024 e 2025.
3. Factura con xustificante de entrada 2026/799 cun importe de 548,26 € de JUAN ANTONIO GANDARA pola subministración de materiais para os vestiarios do baixo do auditorio, que tivo entrada no mes de febreiro de 2026 e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 7.510,77 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/265/2026 (CSV BQW4N3PQGRNEW5Y6) de data 18/03/2026, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2026/PLENO por importe de 7.510,77 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas Nº F/2026/26 e dos xustificantes 2025/9049 e 2026/799 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 7.510,77 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito Nº 02/REC/2026/PLENO por importe de 7.510,77€.

- Incorporase á sesión a Sra. Abuín Rodríguez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 18 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (8) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas Nº F/2026/26 e dos xustificantes 2025/9049 e 2026/799 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 7.510,77 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, RELATIVA Á PRORROGA DA CESIÓN DA CASA ESCOLA DE ZAMAR, A FAVOR DA FUNDACIÓN LAR PRO SAÚDE MENTAL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira de Servizos Sociais, do seguinte teor:

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAL, AO PLENO DA CORPORACIÓN, DE PRÓRROGA DO PRAZO DE CESIÓN DA CASA ESCOLA DE ZAMAR, A FAVOR DA FUNDACIÓN LAR PRO SAÚDE MENTAL

O Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria de data 22 de febreiro de 2001, tomou entre outros o acordo de ceder a casa escola de Zamar á Fundación Lar Pro Saúde Metal (NIF G36302776), co fin da posta en marcha dunha casa de respiro familiar, para persoas con enfermidades mentais, cun prazo de duración de 30 anos.

Por Fundación Lar Pro Saúde Mental Vilagarcía, con data 20 de xaneiro de 2026 (rexistro de entrada WEB2026000411), preséntase solicitude na que manifesta que co fin de mellorar e adecuar o inmovible ás necesidades actuais do programa, ten previsto acometer obras que cofinanciará a Deputación Provincial de Pontevedra nun 80%.

Dado que a vixencia do actual convenio remataría no ano 2031, é preciso acordar unha ampliación da súa vixencia para poder ter opción a captar fondos públicos para completar os custos das obras.

Por parte da Fundación propónse unha ampliación de 10 anos, polo que a cesión remataría o 6 de marzo de 2041.

A Fundación Lar Pro Saúde Mental é unha entidade sen fins lucrativos constituída no ano 1997, inscrita no rexistro provincial de asociacións de Pontevedra co número 40089. Foi declarada asociación de interese social por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública no ano 1998, e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais o 20 de febreiro de 1998, número 1997/21.

Debe lembrarse que a Fundación ten por obxectivo a formación e integración social e laboral de persoas con enfermidades mental, promovendo por si mesma ou estimulando coa súa axuda, a creación de centros de rehabilitación Psicosociolaboral, talleres e empresas que ocupen maioritariamente a este colectivo e as persoas con discapacidade física ou os capaciten par ao exercicio dun traballo. Igualmente fomenta as actividades dirixidas a integración de persoas con enfermidade mental, a creación de casas de respiro familiar, pisos protexidos ou outras estruturas intermedias e institucións que potencien actividades de tempo libre, ocio, vacacións, terapia ocupacional e o traballo útil como medios máis idóneos para lograr a integración deste colectivo.

A ampliación do prazo de vixencia da cesión de uso non supón un cambio do obxecto da mesma, que segue sendo o aproveitamento do ben coma vivenda de persoas usuarios do programas residencias, nin se produciu un cambio nos fins e obxectivos da Fundación; a maiores inténtase melloras as actuais instalacións para maior comodidade dos usuarios.

Considérase que unha ampliación do prazo de vixencia en 10 anos, permitiría acometer novas obras no ben cedido, procurar financiamento para poder facer fronte aos gastos que estas conlevan e, en definitiva, manter o obxectivo primixenio do convenio, dotarse dunha casa de respiro familiar, pero mellorando as súas comodidades.

Visto o que antecede esta concelleira propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos.

1.- Aprobar a ampliación do prazo de vixencia da cesión da casa escola de Zamar, á Fundación Lar Pro Saúde Metal (NIF G36302776), co fin da posta en marcha dunha casa de respiro familiar, para persoas con enfermidades mentais, e dicir ata o 6 de marzo de 2041.

2.- Aprobar a addenda número 1 á cesión da casa escola de Zamar, que se achega á presente proposta.

3.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da precitada addenda e para a realización dos trámites y sinatura de documentos necesarios para o levar a debido efecto o presente acordo plenario.

A concelleira de Servizos Sociais

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da ampliación do prazo de cesión da Casa Escola de Zamar a favor de Lar Pro Saúde Mental.

VOTACIÓN.- Con 18 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (8) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

1.- Aprobar a ampliación do prazo de vixencia da cesión da casa escola de Zamar, á Fundación Lar Pro Saúde Metal (NIF G36302776), co fin da posta en marcha dunha casa de respiro familiar, para persoas con enfermidades mentais, e dicir ata o 6 de marzo de 2041.

2.- Aprobar a addenda número 1 á cesión da casa escola de Zamar, que se achega á presente proposta.

3.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da precitada addenda e para a realización dos trámites y sinatura de documentos necesarios para o levar a debido efecto o presente acordo plenario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, DE CONDENA DA AGRESIÓN MILITAR CONTRA IRÁN E EN DEFENSA DA PAZ E O DEREITO INTERNACIONAL. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 12 de marzo de 2026, do seguinte teor:

OCIÓN DO BNG DE CONDENA DA AGRESIÓN MILITAR CONTRA O IRÁN E EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL

A escalada militarista e belicista desencadeada polos Estados Unidos e os seus aliados está a levar o mundo a unha crise de consecuencias imprevisíbeis.

O ataque militar perpetrado polos Estados Unidos e Israel contra o Irán pon en risco a vida da poboación civil, ameaza a estabilidade de todo Oriente Medio cun perigo inminente de guerra aberta e abre as portas a unha nova crise enerxética mundial que pagarán as clases populares e que afectará ao conxunto da economía. Nos últimos días, a ofensiva militar xa provocou centos de vítimas e unha forte escalada do conflito na rexión.

Esta agresión inxustificada supón unha nova e gravísima vulneración da soberanía dos pobos, do dereito internacional e da Carta das Nacións Unidas. Pretende lexitimar a lei do máis forte e dinamita calquera posibilidade de diálogo e de solución negociada dos conflitos.

A historia repítese. Os mesmos que nos venderon a guerra de Iraque coas falsas armas de destrución masiva son os que agora inventan novas ameazas para xustificar os seus bombardeos. Esta agresión militar non é un feito illado, senón que se enmarca nun patrón de actuación reiterado das grandes potencias militares e das súas alianzas. As intervencións armadas e os bombardeos preventivos convertéronse nun instrumento habitual de política internacional, con graves consecuencias para a estabilidade global e para o respecto ao dereito internacional.

A estratexia de guerra permanente busca o control dos recursos estratéxicos e a imposición de intereses xeopolíticos pola forza, desprezando a soberanía das nacións e o dereito dos pobos a decidir libremente o seu propio destino.

A sociedade galega está maioritariamente comprometida coa paz, co multilateralismo, coa legalidade internacional e coa soberanía dos pobos. O pobo galego é contrario á escalada armamentista e avoga pola resolución das controversias e dos conflitos a través do diálogo, da diplomacia e da negociación política.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Manifestar a condena á agresión militar contra o Irán, contraria ao dereito internacional e á Carta das Nacións Unidas, así como ás políticas de guerra e inxerencia que contribúen á escalada bélica e á desestabilización internacional.
2. Facer un chamamento á comunidade internacional, e de xeito especial á Unión Europea, ao Estado español e á Xunta de Galiza, para que adopten medidas concretas dirixidas a frear a escalada bélica, a garantir o respecto ao dereito dos pobos a exercer a súa soberanía sen inxerencias externas e a promover a recuperación das vías de diálogo e solución pacífica das controversias.
3. Rexeitar as ameazas de Trump e demandar ao goberno español que poña fin de maneira definitiva á presenza militar norteamericana en territorio español, á utilización do territorio galego como base de infraestruturas e actividades da OTAN e reclamar a saída do Estado español da OTAN.
4. Opoñerse ao envío por parte do goberno español de medios e material de guerra á zona de conflito.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, de condena da agresión militar contra Irán e en defensa da paz e o dereito internacional.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1), e dezasesis votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8) e PP (8)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG de condena da agresión militar contra Irán e en defensa da paz e o dereito internacional.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE , EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 10 de marzo de 2026, do seguinte teor:

O Grupo Municipal Socialista de Vilagarcía de Arousa, en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta moción en **DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialistas de Vilagarcía de Arousa expresa a súa profunda preocupación pola escalada militar que se está a producir en Oriente Medio. Non se trata dunha preocupación abstracta nin afastada. Os conflitos armados teñen sempre un alto custo humano, social e económico: falamos de vidas humanas, de cidades destruídas, de familias obrigadas a fuxir e dunha inestabilidade que xa está a ter consecuencias no conxunto do mundo.

A historia recente demostrou que as guerras iniciadas fóra do marco do dereito internacional e sen o respaldo da comunidade internacional non resolveron os conflitos; en moitos casos provocaron máis violencia, máis inseguridade e crises humanitarias de gran magnitude.

Hai pouco máis de dúas décadas vivímolos coa guerra de Iraq. Aquela intervención, que se presentou como necesaria para garantir a seguridade internacional, acabou sendo co paso do tempo unha das decisións máis cuestionadas da política internacional recente. Europa e tamén España deben actuar con responsabilidade e aprender das leccións da historia, evitando repetir erros que tiveron consecuencias tan graves para a paz e para a seguridade global.

Por iso, nun momento como este, cómpre dicilo con claridade: a guerra non pode ser a resposta. Galicia quere estar do lado da paz, do diálogo e do dereito internacional; do lado dos principios

recollidos na Carta das Nacións Unidas que durante décadas serviron de base para a convivencia entre países e pobos.

Galicia repudia o réxime de Irán, responsable da represión e da vulneración dos dereitos fundamentais da súa propia cidadanía, especialmente das mulleres. Pero ao mesmo tempo rexeita este conflito e defende que a única saída posible debe ser diplomática e política.

Porque cando se rompe a legalidade internacional, quen máis sofre son sempre os mesmos: a poboación civil. E porque, ademais do drama humano, os conflitos tamén traen consecuencias económicas que acaban chegando á vida diaria da xente: prezos da enerxía máis altos, incerteza económica e máis dificultades para moitas familias.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Primeiro. Reclamar aos Estados Unidos, a Israel e a Irán o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensións aínda máis graves.

Segundo. Repudiar o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente das mulleres.

Terceiro. Defender que a única saída posible a este conflito debe ser diplomática e política, condenando calquera vulneración do dereito internacional e reafirmando o compromiso cos principios que sustentan a convivencia entre nacións: o respecto á Carta das Nacións Unidas e á resolución pacífica dos conflitos, bases da seguridade colectiva e da estabilidade mundial.

Cuarto. Afirmar con claridade un principio que forma parte da conciencia democrática da nosa sociedade: NON Á GUERRA.

Quinto. Expresar a solidariedade do pobo galego coas vítimas civís e con todas as persoas que están a sufrir as consecuencias da violencia.

Sexto. Apoiar a posición do Goberno de España e os seus esforzos diplomáticos, así como os da comunidade internacional e da Unión Europea para lograr unha desescalada do conflito e abrir camiños de negociación.

Sétimo. Apoiar o envío da fragata española a Chipre para contribuír á defensa e á seguridade na rexión tras os ataques rexistrados.

Oitavo. Dar traslado desta moción ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en defensa da paz e do dereito internacional.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8), oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8), e tres votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos

políticos municipais do BNG (2) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e:

Primeiro. Reclamar aos Estados Unidos, a Israel e a Irán o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensións aínda máis graves.

Segundo. Repudiar o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente das mulleres.

Terceiro. Defender que a única saída posible a este conflito debe ser diplomática e política, condenando calquera vulneración do dereito internacional e reafirmando o compromiso cos principios que sustentan a convivencia entre nacións: o respecto á Carta das Nacións Unidas e á resolución pacífica dos conflitos, bases da seguridade colectiva e da estabilidade mundial.

Cuarto. Afirmar con claridade un principio que forma parte da conciencia democrática da nosa sociedade: NON Á GUERRA.

Quinto. Expresar a solidariedade do pobo galego coas vítimas civís e con todas as persoas que están a sufrir as consecuencias da violencia.

Sexto. Apoiar a posición do Goberno de España e os seus esforzos diplomáticos, así como os da comunidade internacional e da Unión Europea para lograr unha desescalada do conflito e abrir camiños de negociación.

Sétimo. Apoiar o envío da fragata española a Chipre para contribuír á defensa e á seguridade na rexión tras os ataques rexistrados.

Oitavo. Dar traslado desta moción ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA A ADXUDICACIÓN DAS HORAS NON PRESTADAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 18 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de marzo de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS HORAS NON PRESTADAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)”

EXPOÑEN

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo básico e fundamental para garantir a calidade de vida das persoas maiores e persoas dependentes en Vilagarcía. Trátase dun pilar esencial para permitir que os veciños máis vulnerables poidan seguir vivindo nos seus fogares coa dignidade e a asistencia que merecen.

Sin embargo, a xestión municipal neste ámbito demostra que é ineficiente. O Concello de Vilagarcía non está adxudicando todas as horas dispoñibles por parte da Xunta de Galicia para atender aos posibles usuarios. Resulta incomprensible que, existindo unha necesidade real e crecente na nosa cidade, o goberno local non estea aproveitando ao máximo as oportunidades que ofrece a Consellería de Política Social da Xunta para dotar este servizo.

Mentres outros municipios traballan para ampliar as súas ratios de atención, en Vilagarcía perdemos horas de servizo. Esta deixadez supón un prexuízo dobre: por un lado, os veciños vulnerables non reciben a atención que precisan para o seu día a día; e por outro, xérase unha lista de agarda totalmente innecesaria e inxusta.

Estamos ante unha situación onde existen os recursos técnicos e económicos, pero non se están utilizando ao 100% pola inacción de quen goberna este Concello.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA:

1. Que o goberno local proceda á adxudicación de todas as horas dispoñibles e non utilizadas aos usuarios que se atopan actualmente en lista de agarda ou que precisan un incremento do seu actual servizo (SAF).

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a adxudicación das horas non prestadas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e que o goberno local proceda á adxudicación de todas as horas dispoñibles e non utilizadas aos usuarios que se atopan actualmente en lista de agarda ou que precisan un incremento do seu actual servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA MELLORA URGENTE DA SEGURIDADE PEONIL NO TRAMO DA N-640 QUE CONECTA O CENTRO URBANO CO IES CASTRO ALOBRE E O CENTRO DE SAÚDE DE SAN ROQUE.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 23 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 18 de marzo de 2026, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de marzo de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN PARA A MELLORA URGENTE DA SEGURIDADE PEONIL NO TRAMO DA N-640 QUE CONECTA O CENTRO URBANO CO IES CASTRO ALOBRE E O CENTRO DE SAÚDE DE SAN ROQUE”

EXPOÑEN

A seguridade vial na Avenida das Carolinas e avenida de Pontevedra (N-640), especificamente no tramo comprendido na Rúa San Roque, entre o Centro de Saúde e o IES Castro Alobre, presenta deficiencias graves que afectan diariamente a centos de veciños e estudantes.

A estreiteza das beirarrúas nesta zona impide o tránsito seguro de peóns, xa que, a súa dimensión non permite que dúas persoas se crucen con seguridade, obrigando aos viandantes — moitos deles menores de idade ou persoas con mobilidade reducida que acoden ao médico — a invadir a calzada nunha zona de alta densidade de tráfico.

Malia os anuncios realizados en anos anteriores polo goberno local e polo Goberno do Estado sobre o proxecto de humanización e o necesario retranqueo do muro do instituto, as obras seguen sen executarse, manténdose un punto crítico de inseguridade vial que require dunha intervención inmediata por parte das administracións competentes.

O Goberno central prometeu en marzo do ano 2023, antes das eleccións municipais, unha inversión de 5,7 millóns de euros na N640. Ante a deixación de funcións do Executivo central, o goberno municipal debe actuar de forma prioritaria nese tramo para garantir a seguridade e a accesibilidade na beirarrúa.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a execución inmediata e de forma priorizada das obras de ampliación de beirarrúas e a mellora da seguridade viaria na N-640 ao seu paso polo IES Castro Alobre, sen prexuízo das que ten que realizar no resto da vía.
2. Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a que axilice todas as xestións técnicas da súa competencia para evitar que o proxecto sufra novos atrasos administrativos.
3. No caso de que o Goberno central non actúe, instar ao goberno local de Vilagarcía de Arousa a que realice o retranqueo do muro do IES Castro Alobre e a ampliación das beirarrúas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para mellora urgente da seguridade peonil no tramo da N-640 que conecta o centro urbano co IES Castro Alobre e o Centro de Saúde de San Roque.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (8), BNG (2) e EU (1), e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a execución inmediata e de forma priorizada das obras de ampliación de beirarrúas e a mellora da seguridade viaria na N-640 ao seu paso polo IES Castro Aobre, sen prexuízo das que ten que realizar no resto da vía.
2. Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a que axilice todas as xestións técnicas da súa competencia para evitar que o proxecto sufra novos atrasos administrativos.
3. No caso de que o Goberno central non actúe, instar ao goberno local de Vilagarcía de Arousa a que realice o retranqueo do muro do IES Castro Aobre e a ampliación das beirarrúas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓN OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- RESPUESTA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no

Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do grupo político municipal do PP presentáanse por escrito o día 20 de marzo de 2026, as seguintes preguntas:

1. Presentouse xa o Plan de Mobilidade comprometido coa Xunta de Galicia para o novo centro de saúde da Comandancia?

Tivóse en conta o paso continuado de vehículos de emerxencias pola zona ante os numerosos problemas de tráfico que se rexistran na contorna, especialmente no verán? Que ten previsto facer o goberno local para facilitar o acceso das emerxencias?

2. En relación co anuncio na Xunta de Goberno Local de que se prevé a aplicación de medidas de calmado de tráfico para a Rúa Laureano Gómez Paracha; o goberno local ten en conta os problemas de tráfico na zona, -coas importantes retencións e os problemas que iso implica para o paso de ambulancias-, ou para que calquera veciño que veña das parroquias de Carril, Bamio, Guillán, ou Trabanca Sardiñeira, poida chegar ao centro de Vilagarcía sen perder horas en atascos?

As preguntas son contestadas por Dona Tania García Sanmartín e Dona Paola María Mochales.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260326&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.